

SOLUCIONARIO DEPORTES

Ex. 1. Xunta cada imaxe co nome do deporte que se está practicando.

Hóckey, Salto altura, Surf: Autoría, Parapente, Equitación, Baloncesto, Esgrima, Escalada, Salto con pértega, Voleibol

Ex.2. Clasifica os seguintes deportes segundo se poidan practicar individualmente ou se necesite formar equipos.

Individual: maratón, natación, tiro con arco, salto de pértega, surf, piragüismo, alpinismo

Colectivo: baloncesto, balonmán, béisbol, hóckey, rugby

Ex. 3. A ver se sabes! Escribe o nome do deporte ó que se refire cada texto.

Rugby: Nelson Manela utilizou este deporte para unir a poboación negra e a branca en Sudáfrica, de xeito que todos animaran o mesmo equipo no Mundial de 1995, que acabou ganando o equipo sudafricano.

Maratón: a súa orixe atópase no mito da fazaña do soldado grego Filípides quen, no ano 490 a.C. morreu de fatiga despois de percorrer uns 37 km para chegar a Atenas e anunciar a vitoria sobre o exército persa.

Baloncesto: O primeiro xogo oficial foi celebrado en 1892, con nove xogadores en cada equipo e unha cancha da metade do tamaño das actuais, e cun balón de fútbol. As primeiras pelotas fabricadas especialmente para este deporte non se fabricaron ata a década de 1950.

Pimpón: Trátase dun deporte de raqueta que se disputa entre dous xogadores ou dúas parellas. É olímpico desde Seúl 1988, e é un dos deportes con maior número de practicantes.

Sumo: Deporte de orixe xaponesa no que se enfrontan dous loitadores nun círculo; o que toca o chan cunha parte do corpo diferente á planta dos pés ou sae do círculo en que se loita resulta derrotado. Os deportistas que o practican son de gran tamaño, xa que a masa corporal é un factor decisivo.

Golf: Xogo de orixe escocesa que consiste en golpear cun pau unha bóla para introducila cun mínimo de golpes en dezaioito buratos distribuídos ao longo dun campo cuberto de obstáculos.

Ciclismo: Pódese practicar en pista cuberta ou ó aire libre; engloba diferentes especialidades: en ruta, en pista, en montaña... Unha das competicións máis coñecidas é a que se desenvolve por etapas ó longo da xeografía francesa, durante tres semanas, no mes de xullo.

Ex 4. Sinala a forma correcta de cada serie

Triatlón – triatlón - triathlon

Bádminton- bádminto – badmintón

Wáter-polo – waterpolo – waterpolo

Halterofilia- alterofilia- altosfilia

Péntatlón – pentatlón - pentathlon

Patinaxe artística – patinaxe artístico

Xadrez – axedrez - axadrez

Olimpíada – olimpiada – olímpida

Tiro de xavalina – tiro de xavalina – tiro de xabalina

Carreira contra o reloxo – carreira contrarreloxo – carreira contrareloxo

Sistema de ancoraxe – sistema de anclaxe – sistema de anclas

Ex5. Clasifica os seguintes deportes segundo sexan modalidades de atletismo, natación ou ciclismo.

Atletismo: media maratón, salto de obstáculos, salto de lonxitude, lanzamento de martelo, decatlon, triple salto

Natación: sincronizada, de costas, libre, en augas abertas

Ciclismo: en estrada, en pista, en montaña, trial, descenso, ciclocrós

Ex6. Unha de xogos populares

Une cada xogo coas súas características

A barca: O adival que se precisa debe ser algo longo e as persoas que dan estarán afastadas polo menos tres metros entre elas. Dáse cun movemento pendular do brazo, á esquerda e á dereita, trasmitíndolle á corda esta oscilación. A corda desprázase lentamente cun vaivén, sen chegar a describir tan sequera

medio círculo. A persoa que chouta colócase mirando cara a unha das que dan; evitará que a corda lle toque nos pés ou nas pernas, dando saltos laterais á esquerda e dereita, alternativamente.

Chapas: Participan un máximo de seis xogadores e bótase sortes para ver que comeza. Ó elemento co que se xoga hai que ir dándolle golpiños coas uñas para avanzar polo camiño que está marcado no chan.

Carrilanas: Son uns vehículos de madeira, construídos por quen está a xogar, que normalmente teñen un guiador, un ou dous eixos e tres ou catro rodas. A actividade a realizar é a de desprazarse enriba delas e realizar un percorrido que se establece de antemán.

Peón: Tamén chamado trompo, buxaina, bailarete ... é un xoguete de madeira que leva na súa punta un cravo de ferro (o ferrón) que fai que vire con xeito. Para poder practicar este xogo, precísase tamén dunha piola, unha corda que se amarra arredor do enredo que fará posible o seu baile.

Os tres pés: As persoas que xogan agrúpanse en parellas; colócanse unha a carón da outra e atan as pernas máis próximas. Deberán correr para atravesar unha distancia; cando cheguen á meta, soltaranse, intercambiarán as súas posicións na parella, ataranse de novo e volverán ao punto de partida.

Tres en raia: Xogan dúas persoas e bótase a sortes quen comeza. O primeiro movemento é colocar unha peza no punto central e despois alternativamente irán colocando as súas pezas nas marcas que desexen. Trátase de que un xogador consiga situar as tres pezas en liña, ben sexa recta ou diagonal

Pés quietos: Un dos xogadores, ó chou, é o que queda. Colócase no centro e lanza a pelota ó tempo que di o nome dun xogador. A persoa nomeada recóllea o máis axiña que pode e os demais escapan. Cando a colle berra e os demais fican parados no sitio. O xogador que ten a pelota dá tres saltos cara a un dos xogadores e lánzalle a pelota. Se lle dá, xa ten unha falta; se non lle dá, a falta é para o lanzador. Elimínase un xogador en canto ten tres faltas.

Zoadeira: Utilizando un botón, haberá que pasar un cordón polos furadiños e atar os dous extremos para que o botón quede preso. Para probar se funciona, débese coller con dous dedos os extremos e darlle unhas voltas ao botón, que comezará a xirar e zoar sen parar.

Ex. 7. De balóns e pelotas

Que deporte se practica con estes balóns e pelotas?

Baloncesto, béisbol, balonmán, rugby, fútbol, golf, bádminton, tenis

Ex. 8. Que deporte practicamos con isto?

Esgrima, dardos, levantamento de pesas, patinaxe sobre xeo, esquí, surf, natación, ciclismo